

RESOLUCIÓN DO 24 DE NOVEMBRO DE 2025 POLA QUE SE ABRE UNHA CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS PATENTES 2025-2026

O Programa IACOBUS é un programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica que xorde coa intención de dar un paso mais cara a configurar un auténtico espazo de integración interrexional entre as Institucións, da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, participantes no programa. O IACOBUS é unha acción impulsada pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal que provén das prioridades definidas no Plan de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 2021-2027 (PIC 21-27) e das estratexias establecidas pola Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (RIS3-T). Conta co apoio da Unión Europea mediante cofinanciamento do Programa INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, a través do proxecto 0030_RED_IACOBUS_1_E.

IACOBUS PATENTES pretende fomentar a cooperación transfronteiriza, entre os recursos humanos das Universidades, Institutos Politécnicos, Centros Tecnolóxicos e Institucións de Investigación en Saúde da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, en actividades de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico que posibiliten a súa valorización económica mediante a creación de novos produtos e servizos. Concederá axudas económicas á utilización da Propiedade Industrial como ferramenta de protección das innovacións e de acceso aos mercados internacionais, axudas que serán adxudicadas en réxime de concorrencia competitiva para patentes promovidas dende a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Os obxectivos do IACOBUS Patentes son:

- Favorecer o gran esforzo de valorización económica necesario para a creación ou innovación de produtos ou servizos.
- Estimular a protección internacional da tecnoloxía, así como fomentar a protección das invencións galegas e portuguesas a través de patentes.
- Contribuír á mellora da competitividade das institucións na procura de mercados internacionais.
- Impulsar a presenza da Eurorrexión Galicia Norte de Portugal no marco das listaxes de pedidos de patentes internacionais e promovendo a súa notoriedade nas redes de atracción de capital risco de base tecnolóxica.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia–Norte de Portugal (GNP, AECT), como entidade xestora do Programa IACOBUS,

RESOLVE:

Publicar esta convocatoria do Programa Patentes de acordo coas seguintes Bases:

BASES

1. REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para participar na convocatoria, deben ter un contrato laboral en vigor cunha das institucións das especificadas a continuación:

	GALICIA	NORTE DE PORTUGAL
UNIVERSIDADES E INSTITUCIÓNS DE ENSINO SUPERIOR	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	UNIVERSIDADE DO PORTO
	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	UNIVERSIDADE DO MINHO
	UNIVERSIDADE DE VIGO	UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO
		UNIVERSIDADE CATÓLICA PORTUGUESA – CENTROS REGIONAIS DO PORTO E DE BRAGA
		INSTITUTO POLITÉCNICO DO PORTO
		INSTITUTO POLITÉCNICO DE VIANA DO CASTELO
		INSTITUTO POLITÉCNICO DE BRAGANÇA
		INSTITUTO POLITÉCNICO DO CÁVADO E DO AVE
CENTROS TECNOLÓXICOS	AIMEN CENTRO TECNOLÓGICO	CATIM - CENTRO DE APOIO TECNOLÓGICO À INDÚSTRIA METALOMECÂNICA
	CTAG - CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA	CEIIA - CENTRO DE ENGENHARIA E DESENVOLVIMENTO
	CENTRO TECNOLÓGICO ENERGYLAB - EFICIENCIA ENERGÉTICA Y SOSTENIBILIDAD	CTCOR - CENTRO TECNOLÓGICO DA CORTIÇA
	GRADIANT - CENTRO TECNOLÓGICO DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA	CVR - CENTRO PARA A VALORIZAÇÃO DE RESÍDUOS

	INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA	INEGI - INSTITUTO DE CIÊNCIA E INOVAÇÃO EM ENGENHARIA MECÂNICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL
	CETAQUA - CENTRO TECNOLÓGICO DEL AGUA	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIÊNCIA
	CETIM - CENTRO TECNOLÓGICO DE INVESTIGACIÓN MULTISECTORIAL	INL - INTERNATIONAL IBERIAN NANOTECHNOLOGY LABORATORY
	CESGA - CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA	ISQ - INSTITUTO DE SOLDADURA E QUALIDADE
	CETMAR - CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR	PIEP - ASSOCIAÇÃO PÓLO DE INOVAÇÃO EM ENGENHARIA DE POLÍMEROS
	CIS MADEIRA	CTCP - CENTRO TECNOLÓGICO DO CALÇADO DE PORTUGAL
	CIS GALICIA	
	CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	
INST. DE INVESTIG. EN SAÚDE	FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS), vinculada á Universidade de Santiago de Compostela	INSTITUTO DE INVESTIGAÇÃO E INOVAÇÃO EM SAÚDE (i3S), vinculado á Universidade do Porto
	FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA INIBIC, vinculada á Universidade da Coruña	CENTRO CLÍNICO ACADÉMICO - BRAGA (2CA-BRAGA), vinculado á Universidade do Minho
	FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA GALICIA SUR, vinculada á Universidade de Vigo	CENTRO ACADÉMICO CLÍNICO ICBAS – CHP, vinculado á Universidade do Porto

É imprescindible que cada candidato/a teña como afiliación na solicitude da patente a mesma institución coa que participa nesta convocatoria e coa que mantén actualmente un vínculo laboral activo.

2. REQUISITOS DA PATENTE / SOLICITUDE DE PATENTE A PRESENTAR NA CANDIDATURA

Os requisitos necesarios da patente ou solicitude de patente para poder ser presentada nesta convocatoria polos candidatos son (unha das dúas opcións):

- Ben que teñan un certificado – título de rexistro dunha patente europea ou internacional (vía PCT), presentado perante as oficinas nacionais ou rexionais de patentes de España ou Portugal, o Instituto Europeo de Patentes (IES), ou a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), no marco de procedementos de concesión de patentes, e incluíndo, polo menos, ámbolos dous países no ámbito xeográfico de protección, con data de publicación entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 novembro de 2025.

- Ou que teñan solicitado os trámites de concesión dunha patente europea ou internacional (vía PCT) perante as oficinas nacionais ou rexionais de patentes de España ou Portugal, o Instituto Europeo de Patentes (IES) ou a Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), no marco de procedementos de concesión de patentes, e incluíndo, polo menos, ámbolos dous países no ámbito xeográfico de protección, con data de presentación das solicitudes entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 novembro de 2025.

En ámbalas situacións a patente deberá ter sido desenvolvida conxuntamente entre, polo menos, un inventor (candidato(a)) dunha institución galega e outro inventor (candidato(a)) dunha institución portuguesa, ambas participantes no Programa IACOBUS.

Obrigatoriamente, na patente, ou na solicitude de patente, deberán figurar como solicitantes, polo menos, as dúas institucións ás que pertencen os candidatos.

3. REQUISITOS DA CANDIDATURA

Cada candidatura deberá estar asinada por dous candidatos (inventores): un dunha institución galega e outro dunha institución do Norte de Portugal das que figuran no apartado 1 destas BASES.

A documentación obrigatoria para presentar a candidatura ao Programa IACOBUS Patentes é a seguinte:

- Copia do DNI/CC dos candidatos;
- Copia do contrato/documento de vínculo coa Universidade ou Institución de Ensino Superior de cada candidato;
- Copia dos dous xustificantes bancarios (1 por cada candidato) nos que se reflectan os datos de titularidade das contas -grupos de investigación, departamentos de universidades, universidades ou institutos politécnicos- e os IBAN nos que ingresar a axuda.
- Formulario de presentación de candidatura ao Programa IACOBUS Patentes 2025-2026.

- ANEXO I - Declaración de autoría dos candidatos e autorización dos co-inventores para a presentación da Patente ao Programa IACOBUS Patentes 2025-2026.
- Copia do certificado – título de rexistro da patente ou solicitude de patente - sen restricións idiomáticas. Ademais:
 - No caso de Patente Internacional (PCT): Xustificante de pago da taxa asociada á solicitude (taxas de: depósito, transmisión, procura e pedido de prioridade).
 - No caso de Patente Europea: Xustificante de pago da taxa asociada á solicitude (taxas de: depósito, procura, exame, designación dos Estados Contraentes e por reivindicacións adicionais).

Os candidatos teñen a obriga de dispor, se é o caso, do consentimento expreso dos restantes co-inventores para presentar a súa candidatura a esta convocatoria IACOBUS (Anexo I).

Non hai límite no número de co-inventores da patente nin tampouco restrición algunha no relativo ás súas nacionalidades, sempre que se cumpra o mínimo referido nas liñas anteriores.

Cada patente ou solicitude de patente só se poderá presentar unha única vez. En ningún caso serán obxecto de apoio polo IACOBUS as validacións de patentes europeas en España ou Portugal nin as entradas en fase nacional en España ou Portugal.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos procedentes de calquera das Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais. A suma das axudas outorgadas aos beneficiarios, no marco da presente convocatoria, en ningún caso poderá ser superior ao custo das actividades subvencionadas, de acordo coas regras de acumulación establecidas no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013.

4. ORZAMENTO E PERÍODO

O Orzamento desta convocatoria do IACOBUS Patentes 2025-2026 é de 10.000 €. Establécese como tope máximo da axuda 4.000 € por patente conxunta ou por solicitude de patente

conxunta, repartidos ao 50% entre as institucións dos dous candidatos. Esta distribución, ben como o orzamento total do Programa IACOBUS, poderá ser modificada pola GNP, AECT en función das necesidades. A modificación publicárase na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) e na Web da GNP, AECT (www.gnpaect.eu).

5. PRESENTACIÓN E ACEPTACIÓN DE CANDIDATURAS

Esta convocatoria rexerese polos principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

A elaboración e presentación das candidaturas efectuarase unicamente a través do envío de documentación vía email na dirección que o Programa IACOBUS dispón (iacobus@gnpaect.eu), a partir do **día 24 de novembro de 2025 ata o día 23 de decembro de 2025 ás 14:00 h (hora española)**. Poderanse empregar exclusivamente os idiomas galego, castelán ou portugués no desenvolvemento das candidaturas e na documentación esixida, agás no caso da documentación oficial relativa a patente ou solicitude de patente candidata, para a que non se contemplan restricións idiomáticas.

Non se admitirán as solicitudes presentadas fóra de prazo ou sen a documentación esixida ou sen os anexos debidamente cubertos e asinados dixitalmente co certificado FNMT ou coa sinatura dixital do Cartão de Cidadão. Tampouco se admitirán as que non teñan debidamente cuberto o formulario de solicitude e os anexos correspondentes.

A presentación da solicitude implica que os interesados declaran baixo a súa responsabilidade que aceptan as bases da convocatoria, que todos os datos son certos e que autorizan a comprobación dos mesmos.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos establecidos nesta convocatoria, requirírase ao interesado para que, no prazo de dez días hábiles, emende os erros achegando a documentación preceptiva. Se transcorrido este prazo non se corrixe satisfactoriamente a solicitude, a candidatura será excluída definitivamente. Non poderá recorrerse esta decisión da Comisión de Avaliación ata a resolución desta convocatoria.

6. SELECCIÓN DAS CANDIDATURAS

Ao remate do período de candidatura referido no apartado 4 destas BASES, as solicitudes serán valoradas por unha Comisión de Avaliación. A composición da Comisión é a seguinte:

- 1 Presidente: designado pola dirección da GNP-AECT;
- 3 Vogais:
 - Un representante designado polo Director Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia;
 - Un representante designado polo Presidente da Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal (CCDR-N);
 - Un representante designado pola Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) en representación da rede de Universidades da Eurorrexión;
- 1 Secretario: un traballador da GNP, AECT.

En función das candidaturas presentadas, a Comisión de Avaliación poderá decidir dar prioridade aos títulos de patentes ou solicitudes de patentes, segundo os seguintes criterios:

1. As patentes concedidas por diante das solicitadas.
2. As patentes con ámbito xeográfico de protección mais amplo.
3. As patentes que mellor se encadren nas prioridades da Eurorrexión, fundamentalmente recollidas no PIC 21-27 e na RIS3-T.
4. As patentes coa data de presentación mais antiga, dentro do prazo admisible na presente convocatoria.
5. Outros elementos de valoración.

Ademais, a Comisión tentará manter unha proporcionalidade entre as institucións participantes na convocatoria, de xeito que se fomente a participación de todas. Así mesmo buscarase fomentar a paridade entre homes e mulleres e entre distintas macro-áreas de coñecemento.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

A GNP, AECT publicará na Web do Programa IACOBUS (iacobus.gnpaect.eu) a relación provisional de beneficiarios e concederá un período de reclamación ou alegacións de 10 días hábiles. Tras este período, fará pública unha resolución motivada co nome dos beneficiarios, que poderá ser recorrida perante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

8. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase única e exclusivamente ás contas bancarias pertencentes as institucións dos candidatos, para seren recibidos nos grupos ou departamentos aos que os beneficiarios estean vinculados laboralmente.

Os beneficiarios teñen a obriga de asinar e enviar vía email ao Programa IACOBUS cadanseu ANEXO II, e un documento (recibo ou xustificante bancario, no que figure o nome do titular, o IBAN e o importe ingresado) que acredite que se recibiu o pagamento. A achega destes documentos é condición indispensable para poder recibir o certificado de que se formou parte do Programa IACOBUS Patentes.

9. OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Os beneficiarios do IACOBUS Patentes aceptan que a GNP, AECT publique na Web do IACOBUS o *resumo* nunha das tres linguas oficiais da convocatoria e, no seu caso, un enlace dixital á publicación oficial ou un resumo no que sexa accesible información básica sobre a súa patente.

A participación no IACOBUS Patentes implica que os seus beneficiarios aceptan xustificar os importes recibidos, isto é, que presentan os documentos xustificativos e recibos acreditativos do pagamento – ANEXO II e xustificante bancario-.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato(a) de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a GNP, AECT é responsable. Os datos dos candidatos serán tratados exclusivamente coa finalidade de incorporalos ao proceso de selección da presente convocatoria, e eventualmente para o envío de información relativa ao Programa IACOBUS e outras actuacións da GNP,AECT.

O(A) candidato(a) poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude asinada dixitalmente á GNP, AECT.

11. DISPOSICIÓN FINAL

O aproveitamento deste programa non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a GNP, AECT e os beneficiarios.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na plataforma Web do Programa IACOBUS.

FORMULARIO DE CANDIDATURA E ANEXOS IACOBUS PATENTES 2025-2026

Formulario de candidatura IACOBUS Patentes 2025-2026.....	11
ANEXO I. Declaración de autoría dos candidatos e autorización dos co-inventores para a presentación da candidatura ao IACOBUS Patentes 2025-2026.....	13
ANEXO II. Modelo de xustificante de pago do IACOBUS Patentes 2025-2026	14

Formulario de candidatura IACOBUS Patentes 2025-2026

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos desta primeira parte do formulario e asinalo dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão

CANDIDATOS

CANDIDATO(A) 1

NOME E APELIDOS: _____

DNI/CC: _____

DIRECCIÓN: _____

PAÍS: _____

MÓBIL: _____

E-mail: _____

FUNCIÓN: _____

IINSTITUCIÓN: _____

DEPARTAMENTO: _____

CANDIDATO(A) 2

NOME E APELIDOS: _____

DNI/CC: _____

DIRECCIÓN: _____

PAÍS: _____

MÓBIL: _____

E-mail: _____

FUNCIÓN: _____

IINSTITUCIÓN: _____

DEPARTAMENTO: _____

PATENTE

IDENTIFICACIÓN DA PATENTE / SOLICITUDE DE PATENTE EUROPEA ou INTERNACIONAL

1 TÍTULO DA INVENCIÓN:

2 NÚMERO DA PATENTE / SOLICITUDE DE PATENTE, EUROPEA OU INTERNACIONAL:
Indicarase de forma completa, incluíndo o díxito de control:

3 NÚMERO DE PUBLICACIÓN DA PATENTE / SOLICITUDE DE PATENTE EUROPEA OU
INTERNACIONAL: Indicarase seguido do código de publicación que corresponda:

4 IDENTIFICACIÓN do organismo ao cal se solicita a PATENTE / SOLICITUDE DE PATENTE

4.1 Nome: _____

4.2 Local / País da solicitude: _____

5 IDENTIFICACIÓN DO(S) SOLICITANTE(S): (Apelidos e nome / denominación social e país).
Engadir tantos como sexa necesario.

5.1 _____

5.2 _____

5.3 _____

6 IDENTIFICACIÓN DOS INVENTORES: (Apelidos e nome mais nome da institución de ensino
superior a que pertence). Engadir tantos como sexa necesario.

6.1 _____

6.2 _____

6.3 _____

7 DESCRICIÓN DA INVENCIÓN acompañada dun resumo nos idiomas galego, castelán ou
portugués e no seu caso, dun enlace Web a publicación oficial da patente.
(Texto cunha extensión máxima de 3.000 caracteres)

SINATURA DIXITAL CANDIDATO(A) 1

SINATURA DIXITAL CANDIDATO(A) 2

ANEXO I. Declaración de autoría dos candidatos e autorización dos co-inventores para a presentación da candidatura ao IACOBUS Patentes 2025-2026.

DECLARACIÓN DE AUTORÍA DOS CANDIDATOS

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos desta primeira parte do formulario e asinalo dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão.

Os abaixo asinantes (Candidatos 1 e 2) declaran a autoría da Patente / solicitude de patente de título / referencia: _____

CANDIDATO(A) 1
NOME E APELIDOS
D.N.I. / C.C
INSTITUCIÓN
DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN

CANDIDATO(A) 2
NOME E APELIDOS
D.N.I. / C.C
INSTITUCIÓN
DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN

SINATURA DIXITAL CANDIDATO(A) 1

SINATURA DIXITAL CANDIDATO(A) 2

AUTORIZACIÓN DOS CO-INVENTORES

Nota: Cubrir e asinar os seguintes campos só no caso de existir co-inventores adicionais distintos aos Candidatos 1 e 2.

Os abaixo asinantes (Co-inventores) dan o seu consentimento aos Candidatos 1 e 2 para presentar a patente / Solicitude de patente de título _____ á convocatoria vixente do PROGRAMA IACOBUS – PATENTES.

CO-INVENTOR 1
NOME E APELIDOS
INSTITUCIÓN

SINATURA DIXITAL CO-INVENTOR 1

·
·
·

CO-INVENTOR N
NOME E APELIDOS
INSTITUCIÓN

SINATURA DIXITAL CO-INVENTOR N

ANEXO II. Modelo de xustificante de pago do IACOBUS Patentes 2025-2026

(Unha copia por cada beneficiario(a))

NOME E APELIDOS do candidato(a):

D.N.I. / C.C:

INSTITUCIÓN:

DEPARTAMENTO / GRUPO DE INVESTIGACIÓN:

Declara:

Que o departamento ou grupo de investigación no que desenvolve a súa actividade investigadora recibiu a cantidade de _____ € pola súa participación no IACOBUS Patentes como co-inventor da patente / Solicitud de patente de título:

Sinatura dixital
(Beneficiario(a) do IACOBUS)

En _____ a DD/MM/AAAA.

Nota: É obrigatorio cubrir todos os campos deste formulario e asinalo dixitalmente co certificado FNMT ou coa assinatura digital do Cartão de Cidadão.